

23. Condicións da inclusión da substancia activa pimetrozina.

Características:

Nome común: Pimetrozina.

N.º CAS: 123312-89-0.

N.º CIPAC: 593.

Nome químico (IUPAC): (E)-6-metil-4 [(piridin-3-ilo)metileno]amino]-4,5-dihidro-2H [1,2,4] triazin-3-ona.

Pureza mínima da substancia: 950 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como insecticida.

Na avaliación global segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea aprobado polo Comité Fitosanitario Permanente na súa reunión do 29 de outubro de 2001, deberase atender especialmente a:

A protección dos organismos acuáticos.

Prazos da inclusión: do 1 de novembro de 2001 ó 31 de outubro de 2011.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes:

a) O 31 de marzo de 2003, para formulacións simples.

b) No caso de mesturas con outras substancias activas, aínda non incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, o prazo recollido na alínea a) ampliarase na medida en que se contemple un prazo de aplicación máis longo nas disposicións polas que se establezan as condicións de inclusión destoutras substancias activas.

Protección de datos: por se-lo pimetrozina unha substancia activa nova aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

24. Condicións da inclusión da substancia activa piraflufeno-etilo.

Características:

Nome común: Piraflufeno-etilo

N.º CAS: 129630-19-9

N.º CIPAC: 605

Nome químico (IUPAC): 2-cloro-5-(4-cloro-5-difluorometoxi-1 metilpirazol-3-il)-4-fluorofluoacetato de etilo.

Pureza mínima da substancia: 956 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea aprobado polo Comité Fitosanitario Permanente na súa reunión do 29 de outubro de 2001, deberase atender especialmente a:

A protección das algas e plantas acuáticas e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, se é o caso, medidas de redución do risco.

Prazos da inclusión: do 1 de novembro de 2001 ó 31 de outubro de 2011.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes:

a) O 31 de marzo de 2003, para formulacións simples.

b) No caso de mesturas con outras substancias activas, aínda non incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, o prazo recollido na alínea a) ampliarase

na medida en que se contemple un prazo de aplicación máis longo nas disposicións polas que se establezan as condicións de inclusión destoutras substancias activas.

Protección de datos: por se-lo piraflufeno-etilo unha substancia activa nova aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

XEFATURA DO ESTADO

11704 *CORRECCIÓN de erros da Lei 12/2002, do 23 de maio, pola que se aproba o concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco.* («BOE» 143, do 15-6-2002.)

Advertidos erros na Lei 12/2002, do 23 de maio, pola que se aproba o concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco, publicada no «Boletín Oficial do Estado», suplemento número 6 en lingua galega, do 1 de xuño de 2002, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 742, primeira columna, no artigo 15.Dous, segundo parágrafo, onde di: «A proporción do volume de operacións realizada...»; debe dicir: «A proporción do volume de operacións realizado...».

Na páxina 746, no artigo 28.Un, nas alíneas A) e B), onde di: «1., 2. e 3.»; debe dicir: «1.º, 2.º e 3.º».

Na páxina 746, segunda columna, no artigo 29.Dous, deben unirse os dous primeiros parágrafos; así, onde di:

«Dous. As proporcións provisionalmente aplicables durante cada ano natural serán as determinadas en función das operacións do ano precedente.

A proporción provisional aplicable nos períodos de liquidación do primeiro ano natural do exercicio da actividade será fixada polo suxeito pasivo segundo a súa previsión das operacións que se van realizar en cada territorio, sen prexuízo da regularización final correspondente.»

«Dous. As proporcións provisionalmente aplicables durante cada ano natural serán as determinadas en función das operacións do ano precedente. A proporción provisional aplicable nos períodos de liquidación do primeiro ano natural do exercicio da actividade será fixada polo suxeito pasivo segundo a súa previsión das operacións que se van realizar en cada territorio, sen prexuízo da regularización final correspondente.»

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

11816 *ORDE PRE/1490/2002, do 13 de xuño, pola que se modifican os anexos do Real decreto 747/2001, do 29 de xuño, polo que se establecen as substancias e produtos indesexables na alimentación animal.* («BOE» 145, do 18-6-2002.)

A Directiva 2001/102/CE, do 27 de novembro, pola que se modifica a Directiva 1999/29/CE, relativa ás substancias e produtos indesexables na alimentación animal, ten como obxectivo reduci-los contidos máximos

de dioxinas, pola súa natureza perniciosa, nos alimentos dos animais, o que suporá unha menor incidencia dos ditos produtos na cadea alimentaria e, en última instancia, na saúde humana.

A Directiva 1999/29/CE, citada, foi incorporada ó noso ordenamento xurídico polo Real decreto 747/2001, do 29 de xuño, polo que se establecen as substancias e produtos indesexables na alimentación animal, polo que os seus anexos deben ser modificados para seren adaptados á nova disposición comunitaria.

A disposición derradeira primeira do Real decreto 747/2001 faculta os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo para que, no ámbito das súas respectivas competencias, adopten as disposicións necesarias para a actualización dos seus anexos, como consecuencia das modificacións introducidas pola normativa comunitaria.

Esta orde incorpora ó ordenamento xurídico a Directiva 2001/102/CE, pola que se modifica a Directiva 1999/29/CE, relativa ás substancias e produtos indesexables na alimentación dos animais.

A Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu informe preceptivo sobre esta disposición. Así mesmo, na súa tramitación foron consultados os sectores afectados e as comunidades autónomas.

Esta orde díctase ó abeiro da competencia normativa que o artigo 149.1.16 da Constitución reserva para o

Estado en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da ministra de Sanidade e Consumo, dispoño:

Artigo único. *Modificación dos anexos do Real decreto 747/2001.*

Os anexos do Real decreto 747/2001, do 29 de xuño, polo que se establecen as substancias e produtos indesexables na alimentación animal quedan modificados da seguinte forma:

1. O punto 21 da parte B do anexo I, substitúese polo anexo I desta orde.

2. O punto 4 da parte A do anexo II, substitúese polo anexo II desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día 1 de xullo de 2002.

Madrid, 13 de xuño de 2002.

LUCAS GIMÉNEZ

Excmo. Sr. ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e Excmo. Sra. ministra de Sanidade e Consumo.

ANEXO I

Substancias, produtos	Alimentos para animais	Contido máximo en mg/kg (ppm) alimentos para animais referido a un contido de humidade do 12 por 100
(1)	(2)	(3)
21. Dioxina [suma de policlorodibenzo-para-dioxinas (PCDD) e policlorodibenzofuranos (PCDF) expresada en equivalentes tóxicos da Organización Mundial da Saúde (EQT-OMS), utilizando os factores de equivalencia tóxica da mesma organización (FET-OMS, 1997)] PCDD/F.	Tódalas materias primas para a alimentación animal de orixe vexetal, incluídos os aceites vexetais e os subprodutos. Minerais. Graxa animal, incluída a graxa de leite e a graxa de ovo. Outros produtos de animais terrestres, incluídos o leite e os produtos lácteos e os ovos e os ovoproductos. Aceite de peixe. Peixe, outros animais mariños, os seus produtos e subprodutos, excepto o aceite de peixe (7). Pensos compostos, excepto os pensos para animais de peletería, de compañía e para peixes. Pensos para peixes. Alimentos para animais de compañía.	0,75 ng EQT PCDD/F OMS/kg (5,6) 1,0 ng EQT PCDD/F OMS/kg (5,6) 2,0 ng EQT PCDD/F OMS/kg (5,6) 0,75 ng EQT PCDD/F OMS/kg (5,6) 6 ng EQT PCDD/F OMS/kg (5,6) 1,25 ng EQT PCDD/F OMS/kg (5,6) 0,75 ng EQT PCDD/F OMS/kg (5,6) 2,25 ng EQT PCDD/F OMS/kg (5,6)

(5) Concentracións do límite superior; as concentracións do límite superior calcúlanse dando por sentado que tódolos valores das diferentes substancias afíns que estean por debaixo do límite de detección son iguais a este límite.

(6) Estes contidos máximos revisaranse, de acordo co procedemento comunitario correspondente, por primeira vez antes do 31 de decembro de 2004 á luz dos datos de que poida dispoñerse nun futuro sobre a presenza de dioxinas e de PCB similares ás dioxinas, especialmente co fin de aplicar tamén a estes últimos os contidos máximos que se fixen, e, posteriormente, antes do 31 de decembro de 2006, co fin de reducir significativamente os ditos contidos máximos.

(7) O peixe fresco subministrado directamente e utilizado sen tratamento intermedio para a produción de pensos para animais de peletería non está sometido ó contido máximo. Os produtos e as proteínas transformadas que se elaborasen a partir destes animais de peletería non poden entrar na cadea alimentaria, e está prohibido utilizalos na alimentación de animais de granxa mantidos, cebados ou criados para a produción de alimentos.

ANEXO II

Substancias, productos	Materias primas para a alimentación animal	Contido máximo en mg/kg (ppm) en materias primas para a alimentación animal referido a un contido de humidade do 12 por 100
(1)	(2)	(3)
4. Dioxina [suma de policlorodibenzo-para-dioxinas (PCDD) e policlorodibenzofuranos (PCDF) expresada en equivalentes tóxicos da Organización Mundial da Saúde (EQT-OMS), utilizando os factores de equivalencia tóxica da mesma organización (FET-OMS, 1997)] PCDD/F.	<p>Tódalas materias primas para a alimentación animal de orixe vexetal, incluídos os aceites vexetais e os subproductos.</p> <p>Minerais.</p> <p>Graxa animal, incluída a graxa de leite e a graxa de ovo.</p> <p>Outros produtos de animais terrestres, incluídos o leite e os produtos lácteos e os ovos e os ovoproductos.</p> <p>Aceite de peixe.</p> <p>Peixe, outros animais mariños, os seus produtos e subproductos, excepto o aceite de peixe (4).</p> <p>Pensos compostos, excepto os pensos para animais de peletería, de compañía e para peixes.</p> <p>Pensos para peixes.</p> <p>Alimentos para animais de compañía.</p>	<p>0,75 ng EQT PCDD/F OMS/kg (2,3).</p> <p>1,0 ng EQT PCDD/F OMS/kg (2,3).</p> <p>2,0 ng EQT PCDD/F OMS/kg (2,3).</p> <p>0,75 ng EQT PCDD/F OMS/kg (2,3).</p> <p>6 ng EQT PCDD/F OMS/kg (2,3).</p> <p>1,25 ng EQT PCDD/F OMS/kg (2,3).</p> <p>0,75 ng EQT PCDD/F OMS/kg (2,3).</p> <p>2,25 ng EQT PCDD/F OMS/kg (2,3).</p>

(2) Concentracións do límite superior; as concentracións do límite superior calcúlanse dando por sentado que tódolos valores das diferentes substancias afíns que estean por debaixo do límite de detección son iguais a este límite.

(3) Estes contidos máximos revisaranse, de acordo co procedemento comunitario correspondente, por primeira vez, como moi tarde, o 31 de decembro de 2004, á luz dos datos de que poida dispoñerse nun futuro sobre a presenza de dioxinas e de PCB similares ás dioxinas, especialmente co fin de aplicar tamén a estes últimos os contidos máximos que se fixen, e, posteriormente, o 31 de decembro de 2006, como moi tarde, co fin de reducir significativamente os ditos contidos máximos.

(4) O peixe fresco subministrado directamente e utilizado sen tratamento intermedio para a produción de pensos para animais de peletería non está sometido ó contido máximo. Os produtos e as proteínas transformadas que se elaborasen a partir destes animais de peletería non poden entrar na cadea alimentaria, e está prohibido utilizarlos na alimentación de animais de granxa mantidos, cebados ou criados para a produción de alimentos.

XEFATURA DO ESTADO

12018 LEI ORGÁNICA 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional. («BOE» 147, do 20-6-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O dereito á educación, que o artigo 27 da Constitución lles reconece a todos co fin de alcanza-lo pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto ós principios democráticos de convivencia e ós dereitos e liberdades fundamentais, ten na formación profesional unha vertente de significación individual e social crecente. Nesta mesma liña e dentro dos principios rectores da política social e económica, a Constitución, no seu artigo 40, esixe dos poderes públicos o fomento da formación e readaptación profesionais, instrumentos ambos de esencial importancia para facer realidade o dereito ó traballo, a libre elección de profesión ou oficio

ou a promoción a través do traballo. En efecto, a cualificación profesional que proporciona esta formación serve tanto ós fins da elevación do nivel e calidade de vida das persoas coma ós da cohesión social e económica e do fomento do emprego.

No actual panorama de globalización dos mercados e de continuo avance da sociedade da información, as estratexias coordinadas para o emprego que postula a Unión Europea orientáanse con especial énfase cara á obtención dunha poboación activa cualificada e apta para a mobilidade e libre circulación, a importancia da cal se resalta expresamente no Tratado da Unión Europea.

Neste contexto, é necesaria a renovación permanente das institucións e, conseguintemente, do marco normativo da formación profesional, de tal modo que se garanta en todo momento a desexable correspondencia entre as cualificacións profesionais e as necesidades do mercado de traballo, liña esta na que xa se viña situando a Lei 51/1980, do 8 de outubro, básica de emprego, que sinala como obxectivo da política de emprego logra-lo maior grao de transparencia do mercado de traballo mediante a orientación e a formación profesional; a Lei 8/1980, do 10 de marzo, Estatuto dos traballadores (no mesmo sentido o actual texto refundido do Estatuto dos traballadores), que considera un dereito dos traballadores a formación profesional; a Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, que se propuxo adecua-la formación ás novas esixencias do sistema productivo, e o Novo Programa